



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

BANDO DE ALCALDÍA

**DON MANUEL ÁNGEL LEIS MÍGUEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA
(A Coruña)**

Comunico a todos/as os/as veciños/as, que se produciron os seguintes cambios nas restriccións a partires do pasado sábado 26 de xuño do 2021.

-Elimínase a obrigatoriedade do uso de mascarillas no exterior sempre e cando se cumpra a distancia mínima e se eviten as aglomeracións. En espazos pechados públicos segue sendo obrigatorio o seu uso.

-Hostelería e restauración. O horario de peche será ata a 1.00h, sempre que e cando usen os dispositivos medidores de CO2. Aforo en terraza do 100% e 50% no interior, debendo manter a distancia de prevención recomendada.

-Velatorios e enterros: 10 persoas por túmulo e enterros ata un máximo de 50 persoas. No interior, ata un 75% de aforo permitido.

- Comercios, academias, bibliotecas, centros privados de ensino non regrado e centros de formación, limitados a un aforo do 75%.

-Actividade deportiva non federada, máximo 15 persoas+monitor no exterior, e grupos de máximo 6 persoas +monitor no interior (sempre e cando non supere o 50% da capacidade).

Este Concello de Negreira tamén quere recordar a toda a veciñanza que é imprescindible cumprir as recomendacións das autoridades sanitarias para previr e evitar a transmisión do Covid-19:

- Lavar as mans con frecuencia ou usar as solucións hidroalcohólicas.
- Evitar as aglomeracións, reunións e actos sociais, se non hai 1.5 m de distancia.
- Se presenta síntomas (febre, tos, dor de cabeza, perda de olfato e gusto,...) quedar na casa e contactar vía telefónica co médico de atención primaria.

O concello pide á veciñanza que continúe colaborando na loita contra o virus e siga as recomendacións do Ministerio de Sanidad, Consellería de Sanidade e do Concello de Negreira.

Para máis información www.coronavirus.sergas.gal, ou no **900400116**

Negreira, 28 de xuño de 2021



Manuel Ángel Leis Míguez